

## 2.- EDUCACIÓN

---

## **2.1.- REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

APROBADO POR ACORDO PLENARIO DO 30 DE MARZO DE 2000.

PUBLICADO NO BOP DE a CORUÑA O 29 DE NOVIEMBRE DE 2000.

### **Limiar.**

O marco constitucional reconece a participación como un valor fundamental na organización do sistema escolar en tódolos niveis, dende os centros docentes ata o ámbito do Estado, e ese valor é a única vía que permite resolver problemas e buscar solucións a partir do contraste de opinións, do diálogo e do consenso.

Por iso é fundamental educar no exercicio da participación e esta soamente se aprende se efectivamente se practica. Nese contexto, os consellos escolares son a garantía de que calquera persoa pode exercer o seu dereito de participar no sistema educativo sen máis requisito que a súa propia opción voluntaria e sempre que sexa elixido ou designado polo sector que representa.

Os consellos municipais de educación, como instrumento de participación dentro do sistema escolar, pretenden contribuír á corrección de desigualdades socioculturais, conseguir un ensino máis eficaz e de máis calidade e cohesionar o tecido escolar implicando e comprometendo ós grupos e ás persoas a que participen.

Santiago de Compostela quere ser unha cidade educadora, que viva a educación como un referente básico para a formación da conciencia cívica. E un instrumento determinante para conseguir estes obxectivos é o Consello Municipal de Educación, onde conflúe toda a comunidade educativa e a cidade.

No Consello Municipal de Educación encóntrase toda a comunidade educativa: mestres, alumnos, nais e pais, traballadores da administración e dos servizos educativos, a Universidade, profesionais de ámbitos diversos e responsables políticos da cidade, entre outros.

De acordo co que dispoñen a Lei orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, a Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros docentes, a Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, o Decreto da Xunta de Galicia 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais,

proponse a creación do Consello Municipal de Educación da cidade de Santiago de Compostela consonte o seguinte regulamento:

### **Finalidade**

#### **Artigo 1. Finalidade**

O Consello Municipal de Educación de Santiago de Compostela configúrase como un organismo de asesoramento, consulta, proposta e participación sobre o ensino non universitario no ámbito territorial do municipio.

#### **Artigo 2. Competencias**

1. O Consello Municipal de Educación de Santiago de Compostela será consultado pola Administración educativa e polo Concello sobre as cuestións relacionadas co ensino non universitario no ámbito municipal.

2. En atención ó seu carácter esencialmente participativo e á finalidade prevista no artigo 1 anterior, a actuación do Consello Municipal de Educación referirase ás seguintes cuestións:

a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra Administración pública que afecten ó ensino dentro do ámbito municipal.

b) Actuacións e normas municipais que afecten ós servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, como o transporte escolar, os comedores e os servizos de limpeza e conservación.

c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares, coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, no seu caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.

d) Emprazamento de centros docentes dentro da demarcación municipal.

e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes.

f) Fomento das actividades tendentes a mellorar a calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación ó medio.

g) Competencias educativas que afecten ó ensino non universitario e que a lexislación outorgue ós municipios.

h) A programación de investimentos en materia educativa.

i) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do concello lle sexa consultado.

3. O Consello Municipal de Educación elaborará, ó finalizar o curso escolar, un informe sobre o estado do ensino no municipio, que enviará á Corporación municipal e ó Consello Escolar de Galicia.

4. O Consello Municipal de Educación poderá elevar á Administración educativa ou ó Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo.

5. O Consello poderá requirirles á Administración educativa e ó Concello a información e o asesoramento técnico que precise para o desenvolvemento das súas funcións.

### **Artigo 3. Composición**

1. O Consello Municipal de Educación de Santiago de Compostela, estará integrado polos seguintes membros:

a) Presidente: o alcalde ou membro da Corporación en quen delegue.

b) Vicepresidente: elixido polo Pleno do Consello Municipal de Educación entre os seus membros de dereito.

c)- Dez profesores (seis do ensino público e catro do privado) dos niveis educativos correspondentes ó ámbito do ensino non universitario do municipio de Santiago de Compostela. Serán propostos polos sindicatos ou asociacións profesionais de ensinantes en proporción á representación obtida nas eleccións sindicais no sector docente do municipio.

- Seis pais/nais de alumnos/as propostos pola federación de asociación de pais/nais de alumnos/as.

- Catro alumnos/as propostos polos representantes dos alumnos/as nos consellos escolares dos centros existentes no municipio.

- Dous representantes do Movemento de Renovación Pedagóxica elixidos dentro dos/das seus membros polos MRP máis representativos.

- Un director de Centro Público de Educación infantil e Primaria, proposto polos directores/as dos colexios públicos de Santiago.

- Un director de Centro Público de Secundaria, proposto polos directores/as dos centros públicos de ensino secundario de Santiago de Compostela.

- Un titular de Centro privado ou concertado, proposto polos titulares de centros privados ou concertados de Santiago de Compostela.

- Dous representantes de sindicatos, propostos polos sindicatos máis representativos.

- Un especialista en temas educativos, que será nomeado/a polo Pleno da Corporación municipal.

- Un representante da Asociación de empresarios, que será designado/a pola Confederación de Empresarios/as de Santiago de Compostela.

- Un representante do movemento veciñal, nomeado polo Consello de participación veciñal de Santiago de Compostela.

d) Un representante da Administración educativa, proposto polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

e) Secretario, que actuará con voz e sen voto.

### **Artigo 4. Duración do mandato e renovación dos membros**

1. O mandato dos membros do Consello é de catro anos e coincidirá co da Corporación municipal.

2. Os membros do Consello perderán a súa condición durante o mandato se cesan na cualidade na que foron elixidos. De se produciren vacantes, estas cubriranse de acordo co que prevé este regulamento para o nomeamento do membro respectivo e o novo vocal serao polo tempo que lle resta ó Consello para cumprir o mandato.

3. Sen prexuízo do anterior, os vocais que sexan designados en representación das organizacións sindicais, empresariais, federación de pais e nais de alumnos e alumnas, serán ratificados ou substituídos polas instancias que os propuxeron cando teñan lugar eleccións ós órganos rectores daquelas asociacións. O prazo para comunicarlle ó Consello esa ratificación ou substitución é de dous meses contados desde as eleccións aludidas. No caso de non recibir a comunicación nese período, o vocal enténdese ratificado no cargo.

4. O departamento de educación, mocidade e centros socioculturais velará polo procedemento de elección dos vocais e a provisión das vacantes que se produzan.

### **Artigo 5. Organización**

1. O Consello Municipal de Educación de Santiago de Compostela reunirse en Pleno e Comisión Permanente.

2. Así mesmo, o Pleno poderá acordar a constitución de comisións de traballo que terán por finalidade a elaboración, estudo e dictame dos asuntos que sexan competencia do Pleno e da Comisión Permanente.

#### **Artigo 6. O Pleno do Consello**

1. O Pleno é o órgano superior do Consello Municipal de Educación e estará integrado polos membros que se mencionan no artigo 3 anterior.

O Pleno reunirse en sesión ordinaria con periodicidade cuatrimestral: unha das sesións terá lugar ó inicio do curso escolar e outra ó seu remate. Tamén se reunirá en sesión extraordinaria, cando o decida o Presidente ou o solicite a terceira parte dos seus membros.

2. As sesións do Pleno serán convocadas polo presidente, alomenos cunha antelación de tres días. A convocatoria conterà a orde do día da sesión e achegaráselle o borrador da acta da sesión anterior. A orde do día será elaborada polo presidente, tendo en conta as propostas da Comisión Permanente.

3. As sesións terán lugar en primeira convocatoria cando concorra máis da metade dos membros que legalmente compoñen o Consello; e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, se concorren alomenos a súa terceira parte. Requírese, en todo caso, a presenza do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

4. Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, terá lugar unha segunda votación e, de reproducirse o empate, decidirá o voto de calidade do presidente. O voto é persoal e indelegable.

5. Os membros do Consello teñen dereito a examinar, desde o momento da convocatoria da correspondente sesión, a documentación dos asuntos que integran a orde do día e obter copia dela. Tamén teñen dereito a obter copia das actas das sesións da Comisión Permanente e das comisións de traballo se o solicitan expresamente.

6. De cada sesión, tanto ordinaria como extraordinaria, redactarase a correspondente acta, que se transcribirá despois da súa aprobación no libro correspondente, co selo do Consello Municipal de Educación e a sinatura do presidente e do secretario.

7. O Pleno do Consello poderá elaborar un Regulamento de réxime interno, que se remitirá ó Pleno da Corporación para a súa aprobación definitiva.

8. Non que non estea previsto neste regulamento, o funcionamento do Pleno do Consello regularase polas normas da lexislación de réxime local aplicables ás comisións informativas dos concellos de Galicia.

#### **Artigo 7. A Comisión Permanente**

1. A Comisión Permanente será elixida polo Pleno do Consello e estará integrada polo presidente, o vicepresidente e ata un máximo de dez vocais. O secretario da Comisión Permanente será o do Concello ou funcionario municipal no que delegue. O presidente da Comisión Permanente poderá requirir a presenza nas súas sesións de persoas de recoñecido prestixio nalgún dos temas obxecto de deliberación. Estes expertos poderán participar nas sesións con voz pero sen voto.

2. A Comisión Permanente xuntarase en sesión ordinaria con periodicidade trimestral o día e hora que ela mesma decida; e en sesión extraordinaria cando o decida o presidente ou o soliciten alomenos a terceira parte dos seus membros. As convocatorias serán efectuadas polo presidente cunha antelación mínima de dous días.

3. Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, terá lugar unha segunda votación e, de reproducirse o empate, decidirá o voto de calidade do presidente. O voto é persoal e indelegable.

4. Os membros da Comisión Permanente teñen dereito a examinar, desde o momento da convocatoria da correspondente sesión, a documentación dos asuntos que integran a orde do día e obter copia dela.

5. De cada sesión, tanto ordinaria como extraordinaria, redactarase a correspondente acta, que se transcribirá despois da súa aprobación no libro correspondente, co selo do Consello Municipal de Educación e a sinatura do presidente e do secretario.

6. Non que non estea previsto neste regulamento, o funcionamento da Comisión Permanente do Consello regularase polas normas da lexislación de réxime local aplicables ás comisións informativas dos concellos de Galicia.

#### **Artigo 8. Competencias da Comisión Permanente**

Son competencias da Comisión Permanente:

a) Dinamizar o funcionamento do Consello Municipal de Educación de Santiago.

b) Preparar a orde do día das sesións do Pleno do Consello.

c) Executar as decisións do Pleno do Consello, impulsar e coordinar o traballo das comisións, e recoller as súas conclusións e propostas para sometelas a aprobación do Pleno.

d) Transmitir e informar das actividades do Consello á comunidade escolar de Santiago de Compostela.

e) Elaborar a memoria anual de actividades do Consello.

f) Elaborar un informe sobre o estado do ensino no municipio para o Concello e o Consello Escolar de Galicia.

g) Aqueloutras que lle delegue o Pleno do Consello ou que por razóns de urxencia sexa necesario asumir, sen prexuízo de darlle conta ó Pleno na primeira sesión.

#### **Artigo 9. As comisións de traballo**

1. O Pleno do Consello, por proposta da Comisión Permanente, poderá acordar a constitución de comisións de traballo, con carácter estable ou puntual, que terán por finalidade a elaboración, estudo e dictame dos asuntos que sexan competencia do Pleno e da Comisión Permanente.

2. O acordo de constitución deberá sinalar a función da comisión, as normas básicas de funcionamento e a súa composición, designar o seu presidente e, se é o caso, establecer o prazo máximo de duración da comisión.

3. As comisións de traballo poderán incorporar ás súas reunións a persoas de recoñecido prestixio no tema obxecto de estudo. Estes expertos poderán participar nas sesións con voz pero sen voto.

#### **Artigo 10. O presidente do Consello**

1. O presidente do Consello Municipal de Educación é o alcalde do Concello ou, na súa falta, o concelleiro-delegado de Educación.

2. Son funcións do presidente:

a) representar ó Consello Escolar Municipal.

b) Convocar e presidir as sesións do Pleno e da Comisión Permanente e decidir os empates co seu voto de calidade.

c) Executar os acordos do Consello.

d) Resolver o que corresponda en asuntos da competencia do Consello que non se atribúen expresamente ó Pleno nin á Comisión Permanente ou que estes lle delegaron.

#### **Artigo 11. O vicepresidente do Consello**

1. O vicepresidente do Consello é a persoa que resulte elixida de entre os membros de dereito do Pleno do Consello Municipal de Educación.

2. As súas funcións son:

a) Substituír ó presidente en caso de ausencia.

b) Desempeñar as tarefas que este lle delegue.

#### **Artigo 12. Secretaría administrativa e dotación técnica**

1. O secretario do Pleno do Consello municipal de Educación será o do concello ou o funcionario municipal en quen delegue.

2. A función do secretario comprende o asesoramento legal do Consello, a fe pública de tódolos actos e acordos e a preparación dos expedientes e asuntos que vaian ser obxecto de decisión.

3. O Concello de Santiago de Compostela garantizará os medios técnicos e administrativos necesarios para o desenvolvemento do Consello, a través dos seus servizos municipais, especialmente do departamento de educación, mocidade e centros socioculturais. Asignarase un profesional para desenvolver a secretaría técnica da Comisión Permanente.

#### **Artigo 13. Sede**

A sede e lugar de reunións do Consello Municipal de Santiago de Compostela será o Auditorio de Galicia.

#### **Disposición adicional única**

O primeiro Consello que se constitúa trala entrada en vigor deste regulamento será polo tempo que lle resta á Corporación municipal para cumprir o seu corrente mandato.

#### **Disposición final**

O presente regulamento entrará en vigor despois de transcorrer quince días hábiles a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.